



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se aproba e pública a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas (592) (código de procedemento ED003A)

Mediante Resolución do 16 de outubro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia correspondente ás seguintes especialidades do profesores de escolas oficiais de idiomas (592) (código de procedemento ED003A)

CÓDIGO ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN ESPECIALIDADE
592001	Alemán
592012	Italiano
592015	Portugués

Mediante resolución do 11 de novembro de 2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse e publicouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no citado procedemento.

Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra a citada relación provisional e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no citado procedemento, e facelas públicas no portal da Internet desta consellería, de acordo co disposto na base oitava da citada convocatorias.

En consecuencia, esta dirección xeral,

Resolve:

Primeiro. Aprobar e facer pública no portal da Internet da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional www.edu.xunta.gal a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas anteditas especialidades.





Segundo. De acordo co disposto na base oitava da convocatoria pola que se acordou a apertura deste procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, as persoas interesadas poderán, contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, formular un recurso de reposición que presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado do procedemento ED003A, opción "recurso de reposición", accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED003A&ano=2020&numpub=1&lang=gl>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional www.edu.xunta.gal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

